

XIX CARREIRA DAS AREAS

CONCELLO DE CARNOTA

DOMINGO 2 DE AGOSTO DO 2020

ÍNDICE

PÁXINA

1. IDEOLOXÍA.....	3
2. CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS.....	3
3. PERCORRIDOS.....	4
4. NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE.....	11
5. DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS.....	12
6. INSCRICIÓNS.....	13
7. SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E RECOLLIDA DE DORSAIS.....	14
8. CARREIRA 3K CONTRA O CANCRO.....	14
9. CLASIFICACIÓNS, TROFEOS / MEDALLAS.....	15
10. MODELO DE AUTORIZACIÓN PATERNA.....	16

1. IDEOLOXÍA

A **XIX Carreira das Areas do Concello de Carnota** ten por obxectivo fomentar a práctica da actividade deportiva física e deportiva como medio para alcanzar unha vida máis saudable.

Esta carreira é a 8ª proba do **Circuíto de Carreiras Populares “Correndo pola Costa da Morte”**. Así mesmo, está incluída no **Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo** e forma parte do **“VIII Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial da Coruña 2019”**.

Nesta competición poden participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos/as como persoas adultas (nados/as no 2017 e en anos anteriores).

2. CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS

CATEGORÍA	IDADES	DISTANCIAS	HORARIOS
Pitufo	Mixto	2013 – 2017 (ambos incluídos)	250 m (aprox.)
Benxamín	Masculino Feminino	2011 - 2012	1.000 m (aprox.)
Alevín	Masculino Feminino	2009 - 2010	1.000 m (aprox.)
Infantil	Masculino Feminino	2007 - 2008	3.400 m (aprox.)
Cadete	Masculino Feminino	2005 - 2006	3.400 m (aprox.)
Xuvenil*	Masculino Feminino	2003 - 2004	3.400 m (aprox.)
Absoluta 3K Contra o Cancro	Masculino Feminino	2002 (incluído) e anteriores	3.400 m (aprox.)
Sénior 10K	Masculino Feminino	1981 – 2002	10.000 m
Veteranos M40	Masculino Feminino	1971 - 1980	10.000 m
Veteranos M50	Masculino Feminino	1970 (incluído) e anteriores	10.000 m

3. PERCORRIDOS

BENXAMÍNS E ALEVÍNS

Hora da saída:

Distancia: 1.000 m



DESCRICIÓN: completaranse 2 voltas ao círculo. A saída estará situada na contorna do Hórreo de Carnota; pasaremos por diante da Casa da Xesteira, pola rúa Santa Comba cara á praza de Galicia, pola rúa da Igrexa e outra vez pola rúa Santa Comba.

ENLACE: <https://drive.google.com/open?id=1fdjGrnZ5-s4qJfh-Kqi9j4bKiWk&usp=sharing>

PITUFOS

Hora da saída:

Distancia: 250 m



DESCRICIÓN: a saída realizarase na rúa Santa Comba e pasaremos por diante da Casa da Xesteira para chegar á meta, situada na contorna do Hórreo de Carnota.

ENLACE: https://drive.google.com/open?id=1UV2FR9z83_AH3Bywr7hp5WulyEU&usp=sharing


3K CONTRA O CANCRO, INFANTIL, CADETE E XUVENIL

Hora da saída da categoría absoluta 3k Contra o Cancro:

Hora da saída da categoría infantil, cadete e xuvenil:

Distancia: 3.400 m





DESCRICIÓN: A saída efectuarase na contorna do Hórreo de Carnota; pasaremos por diante da Casa da Xesteira, pola rúa Santa Comba cara á praza de Galicia, pola rúa da Igrexa e polo camiño da praia. Unha vez que cheguemos á praia, daremos volta nunha bandeirola publicitaria e faremos o mesmo camiño de regreso.

ENLACE:


https://drive.google.com/open?id=1ENBsq4_q6f1_82J1cwSXDnwDhDxYlypd&usp=sharing

10K SÉNIOR, M40 E M50

Hora da saída:

Distancia: 10.000 m






DESCRICIÓN: A saída terá lugar na contorna do Hórreo de Carnota, pasaremos por diante da Casa da Xesteira, pola rúa Santa Comba cara á praza de Galicia, pola rúa da Igrexa e polo camiño da praia. Unha vez que cheguemos á praia, pasaremos entre dúas bandeirolas publicitarias e colleremos cara á esquerda para chegar a Maceiras. Alí, daremos volta noutra bandeirola publicitaria e seguiremos ata a Boca do Río. Regresaremos cara a Carnota, tomando a saída por onde entramos, para cruzar a pasarela de madeira e encamiñarnos cara á meta situada na contorna do Hórreo, polo mesmo percorrido.

ENLACE:

<https://drive.google.com/open?id=1KqbKzfJ8tnLRc1kl0PqgxO9hGO3Kzn6o&usp=sharing>

SERVIZOS DA CARREIRA



ENLACE:

<https://drive.google.com/open?id=15NL9aBZ4guNDgCbO4BeQ1Q9hL8GHZ1WB&usp=sharing>

Ubicacións:

- Saída, meta, avituallamento, gardarroupa, entrega de dorsais e regalo conmemorativo:

<https://www.google.com/maps/place/Horreo+de+Carnota/@42.822561,-9.0927663,17z/data=!3m1!4b1!4m5!3m4!1s0xd2ed7d0c15088f1:0xe8735ec7427c5ba!8m2!3d42.8225571!4d-9.0905723>

- Aseos:

<https://www.google.com/maps/place/42%C2%B049'18.7%22N+9%C2%B005'24.8%22W/@42.82185,-9.0907735,216m/data=!3m2!1e3!4b1!4m6!3m5!1s0x0:0x0!7e2!8m2!3d42.8218487!4d-9.0902252>

- Duchas:

<https://www.google.com/maps/place/Pavill%C3%B3n+municipal+de+Carnota/@42.8203404,-9.0861825,151m/data=!3m1!1e3!4m5!3m4!1s0x0:0xf8adc318d6279dcd!8m2!3d42.8203447!4d-9.0858793>

- Aparcadoiros:

<https://www.google.com/maps/@42.8219196,-9.0867941,152m/data=!3m1!1e3>

<https://www.google.com/maps/@42.8219485,-9.0875719,152m/data=!3m1!1e3>

<https://www.google.com/maps/@42.8210797,-9.0870632,152m/data=!3m1!1e3>

<https://www.google.com/maps/@42.8203398,-9.0865416,152m/data=!3m1!1e3>

<https://www.google.com/maps/@42.8203398,-9.0865416,152m/data=!3m1!1e3>

4. NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE

1. A XIX Carreira das Areas do Concello de Carnota rexeranse pola **regulamentación de seguridade viaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia**, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real decreto 849/1993, do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).
2. A proba estará subscrita aos **seguros de responsabilidade civil** do Concello de Carnota e da Federación Galega de Atletismo. Tamén contará con **seguro de accidentes** que terá as coberturas mínimas esixidas no Real decreto 849/1993.
3. A proba contará cun **servizo médico-sanitario**, que constará de dúas ambulancias e dous médicos, xa que supera os 750 participantes.
4. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios, aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
5. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha **alerta laranxa a proba será suspendida** automaticamente.

6. Os/as atletas que durante o transcurso da proba circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira consideraranse, para todos os efectos, usuarios/as normais da vía.
7. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non estará amparada polos seguros da proba nin poderá participar de trofeos nin obsequios.
8. As diferentes probas estarán controladas polo **Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo**.
9. Poderanse efectuar reclamacións ante o xuíz árbitro da proba. A participación é libre e leva implícita a aceptación do Regulamento xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orde, coas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.
10. O Concello de Carnota porá a disposición dos/das participantes na carreira o pavillón de Carnota para que se poidan cambiar e duchar. Tamén porá a disposición dos corredores e corredoras un servizo de gardarroupa, que estará situado no quiosco de Coca Cola (cor vermella), a carón da meta.
11. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola organización.
12. Os corredores e as corredoras do circuíto que non confirmen a asistencia dentro dos prazos establecidos non terán dereito á camiseta conmemorativa da proba, aínda que si poderán correr.
13. **No proceso de inscrición ás carreiras ou ao Circuíto non se pide talle, polo tanto non se garantirá o talle das camisetas.**
14. Descualificacións:
 - a. O servizo médico da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
 - b. Serán descualificados/as os/as atletas que non realice o percorrido completo.
 - c. Tamén serán descualificados/as os/as atletas que manifesten un comportamento non deportivo ou se reiteren en protestas ante a organización.
15. Na carreira de 10K habilitarase un avituallamento líquido na zona da praia de Carnota. As demais carreiras terán un único avituallamento: o especial de meta.
16. Xunto co dorsal e o chip entregarase a camiseta conmemorativa aos participantes.
17. Se se dese o caso de que o día da proba houbera unha temperatura elevada, na carreira de 3K haberá un punto para refrescar os/as corredores con mangueiras, e na de 10K dous.

5. DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS

Os/as deportistas inscritos/as comprométense a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

Os/as menores inscribíranse na web www.championchipnorte.com, proporcionando (requisito) os datos dun titor ou titora legal ou presentando un xustificante paterno-titorial, segundo o modelo que figura ao final deste regulamento.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquiridos os compromisos que a continuación se expoñen:

1. As persoas atletas inscritas declaran que están en bo estado físico e que pasaron os pertinentes recoñecementos de saúde.
2. Calquera atleta con problemas médicos (alergia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
3. O/a atleta inscrito/a autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe, previa solicitude expresa por escrito.

6. INSCRICIÓNS

As inscricións para as **CATEGORÍAS ABSOLUTA 3K CONTRA O CANCRO, 10K SÉNIOR, M40 e M50** realizaranse a través da páxina web www.championchipnorte.com dentro dos seguintes prazos e cos custos que a continuación se indican:

- Ata o luns 12 de agosto ás 23:59 horas: 8€ + 1€ de alugueiro de chip.
- Dende o martes 13 ata o mércores 14 de agosto ás 23:59 horas: 11€ + 1€ de alugueiro de chip.
- Independentemente de realizar a inscrición nos prazos anteriormente indicados, todos/as os/as atletas de circuío **DEBERÁN CONFIRMAR DE MANEIRA OBRIGATORIA A SÚA ASISTENCIA Á CARREIRA**. A data límite para a confirmación será o luns 12 de agosto ás 23:59 horas.

O feito de non confirmar a asistencia dentro dos prazos establecidos implica que o corredor ou corredora non terá dereito á camiseta conmemorativa da proba, aínda que si poderá correr.

As inscricións para os/as atletas de **CATEGORÍAS BASE** serán gratuítas e deberán realizarse a través da plataforma www.championchipnorte.com.

- Todos/as os/as atletas de categorías base deberán formalizar e presentar a autorización paterna asinada polo pai, nai ou titor no momento da recollida do seu

dorsal. A dita autorización poderá ser descargada da páxina www.championchipnorte.com ou en www.carnota.gal

- As inscricións para a XIX Carreira das Areas poderán realizarse ata o mércores 29 de xullo ás 23:59 horas.
- *Os/as atletas da **categoría Xuvenil** poderán optar a correr na categoría superior (Absoluta en 3K e Sénior en 10K) sempre que o fagan constar á hora de facer a inscrición. O feito de correr en categoría superior (10K) ou Absoluta (3K Contra o Cancro) implicará que non poderán optar á clasificación e premios da categoría Xuvenil. Así mesmo, deberán pagar a correspondente inscrición (8€ + 1€ por inscrición de carreira) e terán dereito á camiseta conmemorativa da carreira.*

7. SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E RECOLLIDA DE DORSAIS

- Para controlar as probas estableceranse controis de cronometraxe por chip (deberá ir suxeito aos cordóns das zapatillas).
- Será obrigatorio o uso de chip para todas as categorías (facilitado pola organización), **agás Pitufo**.
- Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías (facilitado pola organización).
- O/A atleta que non porte o chip non poderá entrar na clasificación da proba nin lle computará na clasificación do circuíto.
- O/A atleta que non porte dorsal poderá ser descalificado se así o estima a dirección de carreira.
- O **horario de apertura das mesas** para a recollida de dorsais será **a partir das 08:30 na contorna do Hórreo de Carnota**. Os dorsais e chips poderanse recoller ata 30 minutos antes do inicio de cada proba.
- Os **corredores e corredoras de circuíto 10K ou 3K Contra o Cancro** que estean inscritos/as no circuíto deberán usar obrigatoriamente o **“chip amarelo”** e empregarán un **único dorsal** para todas as probas do circuíto.
 - Tanto o dorsal coma o chip (no caso de non posuílo) recolleranse na primeira proba do circuíto na que participen as persoas inscritas.
 - No caso da perda do chip o/a atleta deberá mercar outro a través da páxina web www.championchipnorte.com
 - No caso da perda ou rotura do dorsal, poderá solicitar outro á organización. **No suposto de ter que solicitar un terceiro dorsal, o dito dorsal correrá a cargo da persoa participante e deberá facer o aboamento a ChampionChip.**
- Os **corredores e corredoras de carreira** e os corredores e corredoras de categorías inferiores (os/as de circuíto e carreira) usarán o **“chip de carreira”**, que deberán **devolver** á organización **ao remate** desta. Estes corredores deberán recoller o seu dorsal e chip antes da carreira no lugar habilitado para tal efecto ata 30 minutos antes do inicio da proba.
- Os chips son persoais e intransferibles, polo que a suplantación da personalidade dos/das atletas, sancionase coa expulsión do circuíto do portador ou portadora e do/a atleta suplantado/a, anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no circuíto.

8. CARREIRA 3K CONTRA O CANCRO

Carreira 3K Contra o Cancro



Na 7ª edición do Circuíto seguiremos **colaborando coa Asociación Provincial Contra o Cancro**. A recadación obtida para tal fin será entregada a esta asociación cando remate do circuíto, na gala de entrega de trofeos.

Así mesmo, todas aquelas persoas que desexen colaborar coa Asociación Provincial contra o Cancro, sen participar en ningunha competición, poderán facelo inscribíndose no apartado **Fila 0** que aparecerá na web www.championchipnorte.com, dentro de cada unha das probas que compoñen o circuíto.

9. CLASIFICACIÓNS, TROFEOS/MEDALLAS

Clasificacións da proba 10K

Optan a esta clasificación todos/as os/as atletas participantes na proba.

- Recibirán trofeo e subirán ao podio os/as tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías (Sénior, M40, M50) independentemente da súa condición de corredores/as de carreira ou de corredores/as de circuíto.
- Recibirán trofeo e subirán ao podio como gañadores/as absolutos/as o gañador e a gañadora da carreira 10K, independentemente da súa categoría.
- Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e a primeira clasificados/as empadroados/as do Concello de Carnota.
- *Os equipos só recibirán trofeo e/ou medalla na gala final.*

Clasificacións da proba 3K Contra o Cancro

Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.

Recibirán trofeo e subirán ao podio os/as tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías Absoluta (nados/as en 2002 ou antes), Xuvenil, Cadete e Infantil independentemente da súa condición de corredores/as de carreira ou de corredores/as de circuíto.

Clasificacións da proba Benxamín e Alevín

Optan a esta clasificación todos/as os/as atletas participantes na proba.

Recibirán trofeo e subirán ao podio os/as tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías Benxamín e Alevín.

Recibirán medallas conmemorativas todos/as os/as participantes na proba segundo vaian chegando á meta.



Categoría Pitufu

Recibirán medalla conmemorativa todos/as os/as participantes na proba segundo vaian chegando á meta.

Cerimonia de entrega de trofeos

Unha vez rematada a última proba, que será a Sénior 10K (saída prevista ás 12:00 horas), procederase ao acto de entrega de trofeos previsto para ás 13:00 – 13:30 horas aproximadamente, na contorna do Hórreo de Carnota (a carón da saída e da meta).

10. ANEXO 1: MODELO DE AUTORIZACIÓN PATERNA

AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN DE MENORES

XIX CARREIRA DAS AREAS CONCELLO DE CARNOTA

D./Dna. _____
con DNI nº _____, como pai/nai ou titor-a, autorizo, baixo a miña
responsabilidade, a que: _____
con DNI nº _____, e nado/a en _____ con
data _____, participe na **XIX CARREIRA DAS AREAS DO CONCELLO DE CARNOTA**
recoñecendo expresamente que se atopa en condicións físicas axeitadas para a práctica do
exercicio físico e eximindo de toda responsabilidade a Organización, patrocinadores,
colaboradores e voluntariado en canto ao desenvolvemento das súas funcións se refire. Así
mesmo, autorizo expresamente a Championship e á Organización para o uso das imaxes en
soporte fotográfico e/ou audiovisual que se capten durante as diferentes probas do circuíto
sen ningunha limitación territorial nin temporal, polo que as imaxes fotográficas e/ou
audiovisuais, poderán ser utilizadas, de xeito total ou parcial, por Championship e a
Organización para a súa publicación en medios de comunicación, distintos soportes para a
promoción e difusión da carreira, e nas webs www.correndopolacostadamorte.com
www.championchipnorte.com, e nas súas respectivas redes sociais, por un prazo de tempo
ilimitado e sen contraprestación ningunha.

Para que así conste, asino a presente autorización.

En _____, a _____ de _____ de 2020

Sinatura: